



RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2022/2023.

A Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, dispón, na sección segunda, o procedemento de autorización dos centros, a solicitude e documentación, o prazo de presentación e resolución.

Así mesmo, na disposición derradeira segunda, autorízase a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para realizar as sucesivas convocatorias anuais de incorporación dos centros docentes ao programa de seccións bilingües, así como de ampliación do programa nos centros xa autorizados.

De tal xeito, a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras -Edulingüe 2030-, na súa liña de impacto 1, Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe, ten como obxectivo favorecer a consolidación do modelo plurilingüe, así como promover a progresiva incorporación deste enfoque nas etapas de educación primaria e secundaria para lograr que todos os centros sostidos con fondos públicos participen nesta iniciativa.

En consecuencia, esta Secretaría Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto realizar a convocatoria de autorización de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2022/2023.

Segundo. Proceso de solicitude.

1. Os centros que desexen implantar unha sección bilingüe deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> no programa correspondente de **Seccións Bilingües**.





2. Será a persoa directora quen deberá acceder á aplicación coas súas credenciais. Unha vez rematado o proceso de solicitude xeraranse dous documentos en formato *pdf* no buzón de informes (Anexos I e II) que serán custodiados no centro educativo.

Terceiro. Datos requiridos na solicitude.

Na solicitude faranse constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos que se relacionan a continuación:

- a) Áreas, materias ou módulos non lingüísticos para os que se solicita o programa.
- b) Etapas e cursos en que se desenvolverá.
- c) Lingua estranxeira na que se imparte a sección bilingüe.
- d) Número de alumnado participante no programa.
- e) Datos do profesorado participante que incluírá:
 - Profesorado CLIL/AICLE (aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras) da área, materia ou módulo non lingüísticos e xustificación acreditativa da súa competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente ao nivel B2 do MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas). O profesorado que inicie o proxecto deberá ter destino definitivo no centro.
 - Persoa coordinadora da sección bilingüe.
- f) Compromiso do profesorado implicado no proxecto de formar parte do mesmo durante, como mínimo, dous anos (Anexo II).
- g) Breve proxecto de participación no programa no que se recollan a xustificación do mesmo, obxectivos e contidos propostos, estratexias metodolóxicas, medidas de atención á diversidade e pautas para a avaliación do alumnado.
- h) Aprobación do proxecto polo Consello Escolar, unha vez oído o Claustro.

Cuarto. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación do anuncio da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de maio de 2022.

Quinto. Autorización dos centros.

1. Corresponderalle á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional a autorización dos centros para participar neste programa.
2. A valoración das solicitudes presentadas realizarase considerando a viabilidade do





proxecto. Terase en conta o profesorado e o número de alumnado participantes; as etapas e cursos en que se desenvolverá o programa; as áreas, materias ou módulos nos que se implante; a xustificación do mesmo, os obxectivos propostos e os contidos; as estratexias metodolóxicas, as medidas de atención á diversidade e as pautas para a avaliación do alumnado.

3. Aqueles centros que xa teñen autorizado o programa de seccións bilingües e queiran solicitar a incorporación do programa para outros cursos, etapas ou módulos ou noutras materias ou linguas diferentes ás xa autorizadas, deberán formalizar unha nova solicitude nos termos que se establecen nos apartados 2º e 3º desta Resolución.

4. No caso de centros concertados, a autorización do proxecto de sección bilingüe en ningún caso significará modificación das condicións do concerto educativo subscrito.

Sexto. Seguimento e avaliación.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional levará a cabo o seguimento e posterior avaliación dos proxectos co fin de analizar o seu desenvolvemento, a calidade dos mesmos e os resultados obtidos.

Sétimo. Memoria final de curso.

1. Antes do 5 de xullo, a persoa coordinadora do programa, xunto co profesorado de cada área, materia ou módulo non lingüísticos implicado no programa de seccións bilingües, deberá elaborar unha memoria avaliativa onde se reflectirán o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos.

2. A memoria cubrirase a través da aplicación informática, á que se accede a través do enlace <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> no programa correspondente de

Seccións Bilingües.

3. Unha vez cuberta e gardada deberá ser confirmada pola persoa directora. A confirmación da memoria será un requisito indispensable para a certificación da actividade.

Oitavo. Certificación de participación do profesorado.

O profesorado implicado no programa de seccións bilingües recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado para o profesorado CLIL/AICLE e 20 horas para a persoa coordinadora. Naqueles casos en que o profesorado actúe, ao mes



mo tempo, como profesor ou profesora CLIL/AICLE e coordinador ou coordinadora da sección bilingüe recibirá un só certificado como profesorado CLIL/AICLE.

Noveno. Resolución.

1. A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional fará pública, a través do portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, a listaxe provisional de centros docentes autorizados para a incorporación de novas seccións bilingües.
2. Abrirase un prazo de reclamacións de 5 días hábiles no que os centros poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas.
3. Transcorrido o prazo de reclamacións, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional fará pública a listaxe definitiva de centros autorizados para a incorporación de novas seccións bilingües para o curso 2022/2023 no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>. Así mesmo, a resolución definitiva publicárase no *Diario Oficial de Galicia*.
4. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo. Datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades





que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeiro. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do anuncio desta Resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela

José Luís Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

